

A Disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sinala que *“Con independencia da lei que se aplique ao procedemento, resultarán aplicables as previsións sobre cambios de titularidade reguladas no artigo 41.3 desta lei.”*

O antedito artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, establece respecto dos cambios de titularidade que tanto na fase de Bases como de Acordo de reestruturación parcelaria, tramitaranse os cambios que se presenten antes da data límite que se determine mediante resolución da dirección xeral competente na materia e por proposta do servizo provincial.

O Acordo de reestruturación parcelaria da zona de **MONTES DE ARO – CAMPELO – GONTE (NEGREIRA - A CORUÑA)** foi aprobado con data 10 de setembro de 2018, e dado o avanzado do proceso da dita zona, propónse por parte do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias de A Coruña, como data límite o 28 de febreiro de 2023 (inclusive).

Vistas a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, a proposta do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña, **RESOLVE** establecer, aos efectos previstos no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, para a zona de Montes de Aro – Campelo - Gonte (Negreira – A Coruña) como data límite o **28 de febreiro de 2023 (inclusive)**.

A presente resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

